

## Segundo aniversario da Masa Crítica en Compostela

Mañá mércores

día 25 celébrase unha vez máis a Masa Crítica de Compostela, as 20:30 na Praza de Galicia. Cúmrense así dous anos dende o inicio da celebración da Masa Crítica en Santiago, na que ciclistas e ciclistas de Compostela únense unha vez ao mes para realizar un paseo colectivo en bicicleta, reivindicando o papel da bicicleta como ferramenta de transporte e a súa centralidade nun proxecto de cidade sustentábel, humana e socialmente xusta.

Actualmente Compostela sobordou amplamente a súa capacidade de absorción de tráfico motorizado. Adoítamos contemplar un día si e outro tamén o caos provocado pola saturación de automóbiles: contaminación atmosférica, acústica, deshumanización das rúas convertidas nun espazo hostil no canto de ser un lugar de socialización da cidadanía...

Temos

que ser conscientes da pegada ecolóxica que conlevan as nosas necesidades de desprazamento, dos custos ambientais e sociais que representan. Cómpre avaliar a realidade desas necesidades e o xeito de realízalas co menor custo posible. Hai que recuperar a nosa centralidade como parte da cidade, desbotando o coche, e a actitude que representa, do noso xeito de vida. Debemos reocupar as rúas, as prazas, e recuperar a convivencia, o xogo na rúa. En definitiva, temos que rehumanizar as cidades. Un elemento fundamental nesa humanización son as posibilidades que ofrece a bicicleta.

A

bicicleta non é unicamente un medio de transporte, é un elemento socializador, de saúde, liberador, divertido, que ademáis contribúe a nosa mobilidade. É o instrumento fundamental para dar un xiro radical as políticas urbanísticas e convivenciais das nosas cidades e vilas e, integrada co transporte público colectivo, solucionar os problemas que o automóbil particular está a ocasionar na nosa sociedade. Supón unha actitude vital, de respecto ao medio ambiente e ás persoas.

**MASA  
CRÍTICA EN COMPOSTELA, OS ÚLTIMOS MÉRCORES DE  
CADA MES AS 20:30 NA PRAZA DE GALIZA (XUNTO Á CASETA DE  
TURISMO)**